



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MAÑÓN

Nomeamento de tenentes de alcalde

Decreto da Alcaldía nº 151/2023, de 28 de xuño.

Vista a celebración das eleccións municipais o día 28 de maio de 2023 e habéndose procedido o día 17 de xuño de 2023 á constitución da nova Corporación, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 46.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Designar como Tenentes de Alcalde ós seguintes Concelleiros:

Primeiro Tenente de Alcalde: D. Francisco José Calvín Fondevila

Segundo Tenente de Alcalde: D. Miguel Freire Gómez

Terceiro Tenente de Alcalde: Dna. Azucena Cao Sierra

Os Tenentes de Alcalde nomeados, previa aceptación do seu cargo, correspóndelles en canto tales, substituír ó Alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

SEGUNDO.- Notificar persoalmente a presente resolución ós designados que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa; remitir a resolución de nomeamento ó Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación e publicala, igualmente, no Taboleiro de anuncios do Concello; a resolución, non obstante, será efectiva dende o día seguinte ó da súa sinatura.

TERCEIRO.- Dar conta ó Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre.

En Mañón, coa data da sinatura electrónica. O ALCALDE: Alfredo Dovale Pedreira

En Mañón, a 8 de agosto de 2023

O Alcalde

Alfredo Dovale Pedreira

2023/6612